

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
E A CONSELLERÍA DO MAR PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA DE BOLSAS DE
FORMACIÓN NO ESTRANXEIRO PARA O ALUMNADO DO IGafa NO ANO 2023**

REUNIDOS

Dunha parte, a PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, María del Carmen Silva Rego, de acordo coas competencias que lle outorgan os artigos 105-1º a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e 34.1,b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra, a DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO DA CONSELLERÍA DO MAR, Susana Rodríguez Carballo, en nome e representación da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG núm. 41 do 1 de marzo de 2022),

Da fe do acto Don Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

INTERVEÑEN

Ámbalas partes, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente capacidade e obrigándose segundo os termos deste documento,

MANIFESTAN

Que, conscientes da importancia económica e social que, para Galicia en xeral e para a provincia de Pontevedra en particular, ten o desenvolvemento da acuicultura e a formación de técnicos nesta materia, creouse o Instituto Galego de Formación en Acuicultura, situado na Illa de Arousa.

Que dentro da Consellería do Mar, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é a encargada de coordinar estes centros.



Que a Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do disposto nos artigos 109-1º d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 36. 1d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ten competencia en materia de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

En consecuencia, e coa finalidade de cooperar nas accións de formación dependentes da mencionada Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, mellorando os programas existentes para a provincia de Pontevedra, as dúas partes subscriben o presente convenio segundo as seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio

O presente convenio específico, establécese para regular a cooperación entre a Consellería do Mar e a Deputación Provincial de Pontevedra para mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e o mergullo profesional, a través da dotación económica de bolsas de formación no estranxeiro para o alumnado do Igafa, no ano 2023

En calquera caso, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra será sen menoscabo da contribución técnica que lle corresponda á Consellería como consecuencia da execución dos Programas dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Segunda.- Compromisos a cumprir pola Deputación Provincial de Pontevedra

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a dotar economicamente bolsas para a especialización de alumnos e técnicos en diferentes sectores da acuicultura e o mergullo. As bolsas terán unha duración máxima de tres meses e consistirán na estancia dos beneficiarios en diferentes empresas e/ou institucións con sede nalgún dos países que estean especializados nos distintos ámbitos da acuicultura e o mergullo.

No caso da Deputación Provincial de Pontevedra, a execución de ditas accións someterase previamente ós informes da Secretaría e da Intervención, e demais trámites administrativos precisos e posterior aprobación polo órgano competente.

Con independencia dos traballos que realice a comisión de seguimento, a Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.



Terceira.- Compromisos a cumprir pola Consellería do Mar

A Consellería do Mar, pola súa parte, comprométese a elaborar o proxecto formativo que desenvolverán os participantes, supervisalo e facer o seguimento de cada unha das fases que o compoñen e mais elaborar unha memoria final que lle remitirán á Deputación Provincial de Pontevedra.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, someterá tamén ó órgano competente da Consellería do Mar, a súa aprobación para executar as mencionadas accións.

O Instituto Galego de Formación en Acuicultura, realizará a selección dos beneficiarios atendendo a criterios de adecuación do perfil do/a bolseiro/a (30%), expediente académico (40%) e coñecementos de idiomas (30%), establecéndose os seguintes criterios de baremo:

1. Adecuación do perfil do/a bolseiro/a (30%) Valorarase, ata un máximo de 3 puntos, a motivación, autonomía, madurez, compromiso cos obxectivos das bolsas e habilidades comunicativas, a partir do informe do/a titor/a.
2. Expediente académico (40%) Valorarase, ata un máximo de 4 puntos, calculando a nota media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos do ciclo formativo cursados no centro (e previos ao módulo de Formación en Centros de Traballo -FCT- ao que se destinan estas axudas):

Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo
Do 5 ao 5,99	Aprobado	1,5
Do 6 ao 6,99	Ben	2
Do 7 ao 8,99	Notable	2,5
Do 9 ao 10,00	Sobresaínte	3,5
Matrícula de honra		4

Aplicarase a fórmula $n^{\circ} \text{ puntos} / n^{\circ} \text{ materias} + n^{\circ} \text{ de convocatorias}$.

Non se terán en conta as cualificacións de validado/a por ter cursado outras titulacións.

3. Coñecementos de idiomas (30%) A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 3 puntos.



3.1 Titulacións no idioma inglés:

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado ata un máximo de 2,5 puntos

- A1: 0 puntos
- A2: 1 punto
- B1: 1,5 puntos
- B2: 2 puntos
- C1 ou C2: 2,5 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito+oral) ata un máximo de 1,25 puntos.

3.2 Baremo dun segundo idioma:

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, do mesmo xeito que para o inglés, ata un máximo de 1,5 puntos:

- A2: 0,5 puntos
- B1, B2: 1 punto
- C1, C2: 1,5 puntos

Xunto coa selección dos beneficiarios, o Instituto Galego de Formación en Acuicultura remitiralle á Deputación Provincial de Pontevedra un escrito onde se faga constar o destino e a finalidade da viaxe, e a asignación económica de cada bolsa (que se distribuirá en función do nivel de vida dos países de destino).

CUARTA.- Contía económica para o desenvolvemento do convenio

A contía total das bolsas será de QUINCE MIL EUROS, (15.000,00 €), que lles serán ingresados ós beneficiarios seleccionados, con cargo á aplicación 23/410.4100.481.03, do vixente orzamento provincial, facéndose cargo da súa adxudicación definitiva e do reparto do importe que lle corresponde a cada beneficiario/a a antedita comisión mixta.



O importe individual da subvención establecerase en base á distancia do centro de estudos ao centro de destino onde se realicen as prácticas e á estimación do custo de aloxamento e manutención, segundo o país de destino, ata un total máximo de 3.000 euros por beneficiario/a.

Poderá autorizarse o pagamento anticipado do 50% das contías das bolsas. Para isto, a dirección do Instituto Galego de Formación en Acuicultura deberá solicitalo por escrito e expoñer os motivos.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas que se poidan percibir para este mesmo fin, sempre que non se supere o custo total da actividade.

O beneficiario dará adecuada publicidade do carácter público do financiamento da actividade, a través dos seguintes medios: o IGAFa fará referencia ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería do Mar nas comunicacións ao alumnado, na súa páxina web, noutros medios como a revista do centro e nas memorias individuais finais de cada un dos/as bolseiros/as.

Quinta.- Duración do convenio

O presente Convenio manterá a súa vixencia durante o presente exercicio 2023, iniciándose no momento da súa sinatura e prolongándose ata o 31 de decembro do presente ano.

Se rematado o período de colaboración, as accións obxecto deste Convenio non estivesen finalizadas, o referido período poderá ser prorrogado, ata o 31 de marzo de 2024, de forma expresa mediante unha acta complementaria, asinada por ambas partes. En todo caso, dita prórroga deberá formalizarse antes da data do vencemento do convenio (31 de decembro de 2023).

Sexta.- Seguimento

O incumprimento destas normas por algunha das partes facultará á outra para rescindir o Convenio, quedando automaticamente anulados todos o dereitos correspondentes sobre o obxecto do mesmo.

Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio será remitida ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas- Resolución de 2 de decembro de 2016).

Este Convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes máis aló das cláusulas recollidas no convenio, de forma que non se



poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Coa finalidade de facilitar as tarefas de adxudicación, seguimento e control que permitan cumprir os obxectivos do presente Convenio, noméase unha comisión mixta integrada polo Director do Instituto Galego de Formación en Acuicultura, a Coordinadora da Formación nos centros de traballo, a Xefa de estudos, un representante do Consello Escolar e dous membros nomeados pola Deputación Provincial de Pontevedra, que velará pola marcha e execución do Convenio e á que lle competará a resolución das controversias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e execución.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo e no caso de aparición de discrepancias que non puideran solventarse a través da Comisión de Seguimento, acordan a submisión do presente Convenio á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.

Sétima.- Réxime xurídico

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental para subvencións, rexerase polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal



recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, os datos persoais obtidos neste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

E, en proba de conformidade e para a debida constancia do convenio, as dúas partes outorgantes subscriben este documento electrónicamente, constando como data de subscripción a correspondente á última firma realizada.

Documento asinado dixitalmente

